


# O BOSQUE ANIMADO

## RECURSOS PRIMARIA



**CEIP EMILIA PARDO BAZÁN  
A CORUÑA**



# WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Wenceslao Fernández Flórez foi un narrador, xornalista e humorista galego. Naceu na Coruña o 11 de febreiro de 1885, era o fillo máis vello de Antonio Félix e de Florentina.

Aos 18 anos dirixiu *Diario Ferrolano* e, anos máis tarde, *El Noroeste da Coruña* e o semanario de Betanzos *La Defensa*. No ano 1914 marchou a Madrid como correspondente de *El Noroeste*, pasando despois a traballar nos xornais madrileños *El Imparcial*, *ABC*, *El Liberal* e *La Tribuna*.

Foi membro da Real Academia Española e recibiu a Cruz de Afonso X O Sabio.

Publicou unhas corenta novelas e libros de relatos de humor en castelán: *El secreto de Barba Azul*, *Las siete columnas*, *El malvado Carabel...* e *El bosque animado*, ambientado nas fragas coruñesas de Cecebre.

Faleceu en Madrid o 29 de abril de 1964, aos setenta e nove anos, e foi soterrado no cemiterio coruñés de Santo Amaro.



Wenceslao Fernández Flórez nunha caricatura de Mingote.



A novela *El malvado Carabel* adaptouse ao cine no ano 1935 coa dirección de E. Neville.

# ACTIVIDADES

1. Que día naceu Wenceslao Fernández Flórez? Completa.

Wenceslao Fernández Flórez naceu o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do ano \_\_\_\_\_ .

2.- Cal era o nome de seus pais? Relaciona.

**ANTONIO FÉLIX** ●

● **FLORINDA**

**CARLOS XABIER** ●

● **FILOMENA**

**ADRIÁN XOSÉ** ●

● **FLORENTINA**

3. Completa o nome destes xornais nos que traballou Wenceslao.

<b>A</b>	<b>B</b>	<b>C</b>	<b>D</b>	<b>E</b>	<b>F</b>	<b>I</b>	<b>L</b>	<b>M</b>	<b>N</b>	<b>O</b>	<b>P</b>	<b>R</b>	<b>S</b>	<b>T</b>	<b>U</b>
<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>13</b>	<b>14</b>	<b>15</b>	<b>16</b>

<b>4</b>	<b>7</b>	<b>1</b>	<b>13</b>	<b>7</b>	<b>11</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>11</b>	<b>8</b>	<b>1</b>	<b>10</b>	<b>11</b>	

<b>5</b>	<b>8</b>	<b>10</b>	<b>11</b>	<b>13</b>	<b>11</b>	<b>5</b>	<b>14</b>	<b>15</b>	<b>5</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>		

<b>8</b>	<b>1</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>14</b>	<b>1</b>	<b>8</b>	<b>1</b>	<b>15</b>	<b>13</b>	<b>7</b>	<b>2</b>	<b>16</b>	<b>10</b>	<b>1</b>

<b>5</b>	<b>8</b>	<b>7</b>	<b>9</b>	<b>12</b>	<b>1</b>	<b>13</b>	<b>3</b>	<b>7</b>	<b>1</b>	<b>8</b>

4. Cales destes libros son de Wenceslao Fernández? Márcaos, escribe os títulos e fai unha portada para o libro que se indica.





1. \_\_\_\_\_
2. \_\_\_\_\_
3. \_\_\_\_\_

**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**

## **O bosque animado**



5. Recorta e compón o crebacabezas da caricatura de Wenceslao Fernández Flórez realizada por Mingote.




# O BOSQUE ANIMADO

«O bosque animado» é unha novela do escritor coruñés Wenceslao Fernández Flórez que foi publicada no ano 1943 en lingua castelá, traducida ao galego por Xela Arias e adaptada ao teatro escolar pola mestra María Jesús López Vila, *Chus*, no 2019.

O texto narra a vida da parroquia de Cecebre, en Cambre (A Coruña) onde hai unha fraga na que viven homes, mulleres, árbores, arbustos, insectos, aves e pequenos mamíferos.

O libro ten 16 capítulos nos que un narrador vai contando historias desta fraga e nas que aparecen unha chea de personaxes: Xan de Malvís, «Fendetestas», un labrego que se vai facer bandoleiro; Roque Freire, un labrego rico; a ánima de Fiz de Cotobade, un labrego que morreu sen cumprir a promesa de ir a Santo Andrés de Teixido e agora está buscando alguén que vaia no seu lugar...

Desta novela fixéronse dúas películas. Unha delas, «O bosque animado», foi a primeira película de animación 3-D realizada en Europa



A novela «El bosque animado», en castelán, publicouse no ano 1943.



En 1987 Edicións Xerais publicou a novela en galego cunha tradución de Xela Arias.

# ACTIVIDADES

1. En que ano se publicou a primeira edición de «El bosque animado»? Arrodea e completa.



A primeira edición de «El bosque \_\_\_\_\_» publicouse no ano \_\_\_\_\_ e estaba en idioma \_\_\_\_\_ .

3. Quen traduciu «El bosque animado» ao galego? Completa.



--	--	--	--	--	--	--	--	--	--


3. Por que nome era coñecida María Jesús López Vila, a mestra que adaptou «El bosque animado» ao teatro escolar? Completa.



--	--	--	--

4. Que camiño ten que seguir Wenceslao para chegar á súa casa nas fragas de Cecebre? Colorea o camiño e os debuxos.


Ilustración de M.C.H



5. Que sabes da novela «O bosque animado»? Une a pregunta coa súa resposta.

- |   |                       |                       |                      |
|---|-----------------------|-----------------------|----------------------|
| Cantos capítulos ten «O bosque animado»?            | <input type="radio"/> | <input type="radio"/> | Na fraga de Cecebre  |
| En que fraga está localizada a novela?              | <input type="radio"/> | <input type="radio"/> | Unha ánima en pena   |
| En que concello coruñés está a fraga de Cecebre?    | <input type="radio"/> | <input type="radio"/> | Labrego.             |
| Que era Fiz de Coto-bade?                           | <input type="radio"/> | <input type="radio"/> | Dezaseis             |
| Cal era o alcume de Xan de Malvís?                  | <input type="radio"/> | <input type="radio"/> | «Fendetestas»        |
| Quen fixo a adaptación da novela ao teatro escolar? | <input type="radio"/> | <input type="radio"/> | Chus                 |
| Que oficio tiña Roque Freire?                       | <input type="radio"/> | <input type="radio"/> | En Cambre (A Coruña) |

6. Colorea a portada desta edición do ano 1957 de «El bosque animado».




# Estancia I A FRAGA DE CECEBRE

Un día chegaron uns homes á fraga de Cecebre, abriron un burato, chantaron un poste e asegurárono calcando coios e terra ao seu arredor. Agancharon logo por el, prendéronlle varios fíos metálicos e marcharon para continuar o tendido da liña.

As plantas que había ao redor do recente hóspede da fraga permaneceron durante varios días acañadas coa súa presenza, porque xa se dixo que a súa timidez é moi grande. Ao cabo, a que estaba máis preto del, que era un piñeiro alto, alto, rexo e dereito, dixo: -Plantaron unha nova árbore na fraga.

E a nova, propalada pola follas do eucalipto que rozaban o piñeiro, e polas do castiñeiro que rozaban o eucalipto, e polas do carballo que tocaban as do castiñeiro, e as do bido que se mesturaban coas do carballo, espallouse por toda a espesura. Os toros máis elevados miraban por riba das copas os demais, e cando o vento separaba a fronde, os máis afastados asomábanse para mirar.



Portada de «El bosque animado», nunha edición do ano 1957.



O capítulo ou estancia I narra as relacións dos seres da fraga cun poste de tendido eléctrico.

# ACTIVIDADES

1. Que fixeron os homes que chegaron ás fragas de Cecebre?


---

2. Con que dous materiais chantaron o poste? Arrodea.

**terra    cemento    piñas    coios    ferros**

3. Que é un coio? Colorea o debuxo do coio e ponlle o nome a cada un deles.

**peixe    coio    martelo    coitelo**



4. De que eran os fíos que prenderon no poste? Completa.


**Prendéronlle varios fíos \_\_\_\_\_ e marcharon.**

5. Sabes o que é unha fraga? Colorea a resposta verdadeira.

Aparello de pesca, unha especie de gaiola de forma cilíndrica.

Extensión de terreo poboado con árbores e fauna diversa.

6. Resolve este encrucillado relacionado co texto das fragas de Cecebre.



### HORIZONTAIS

1. Árbore orixinaria de Australia, de folla perenne. As súas follas rozaban o piñeiro.
2. Conxunto de follas e pólas das árbores.
3. Pedras duras, pequenas, arredondadas e lisas.
4. Pau alongado que se chanta en vertical para servir de apoio a fíos metálicos, sinais, puntos de luz...
5. Árbore de folla caduca que ten como froito a landra. As súas follas tocaban as do castiñeiro.
6. Terreo con árbores de folla caduca e gran diversidade de animais.
7. Aire en movemento. Era o que separaba a fronde.

1. EUCALIPTO 2. FRONDE 3. COIOS 4. POSTE 5. CARBALLO 6. FRAGA 7. VENTO

7. Repasa o texto e inventa unha pregunta para cada unha destas repostas. Ah, e non esquezas de colocar o signo de interrogación ao final da pregunta.

▶ \_\_\_\_\_

-Uns homes

▶ \_\_\_\_\_

-Varios fíos metálicos

▶ \_\_\_\_\_

-Era moi grande

▶ \_\_\_\_\_

-Alto, alto, rexo e dereito

▶ \_\_\_\_\_

-Plantaron unha nova árbore na fraga

▶ \_\_\_\_\_

-Os toros máis elevados

▶ \_\_\_\_\_

-O vento

# SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

No concello de Cedeira, ao norte da provincia da Coruña, á beira do océano Atlántico e en plena Serra da Capelada está o famoso santuario de Santo Andrés de Teixido.

A tradición di que: «A Santo Andrés de Teixido, vai de morto quen non foi de vivo».

A lenda conta que Santo Andrés se sentía moi só porque todo o mundo ía visitar o santuario do seu amigo, o apóstolo Santiago, pero moi poucos se lembraban de ir velo a el ao seu santuario, en Cedeira.

Ao velo tan triste, o seu irmán, San Pedro, que ten as chaves do paraíso, prometeulle que ninguén podería entrar no ceo sen ir antes visitar o seu santuario en Cedeira.

Desde entón, é tradición entre os galegos ir, polo menos unha vez na vida, a Santo Andrés de Teixido. E o santo xa non se sente tan só.




O santuario de Santo Andrés de Teixido está en Cedeira (A Coruña)



Os sanandreses son amuletos feitos con miga de pan e que polo visto dan sorte a quen os ten.

# ACTIVIDADES

1. Colorea a provincia onde está situado o santuario de Santo Andrés de Teixido.



2. Completa coas palabras do recadro o que di a tradición sobre o santuario de Santo Andrés.

**vivo    Teixido    Santo    non    morto**

A \_\_\_\_\_ Andrés de \_\_\_\_\_, vai de \_\_\_\_\_ quen \_\_\_\_\_ foi de \_\_\_\_\_.

3. Cal era o nome do apóstolo amigo de Santo Andrés?

\_\_\_\_\_


4. En que cidade cres que estaría o apóstolo Santiago? Colorea.

**Betanzos**


**Santiago de  
Compostela**

**Pontecesures**


5. Debuxa e colorea o santuario de Santo Andrés de Teixido.




6. Que camiño temos que seguir para chegar ao santuario de Santo Andrés?




7. Localiza na sopa de letras os nomes relacionados con Santo Andrés que aparecen no caderno.



8. Que tiña San Pedro? Colorea.



9. Cantas veces na vida teñen que ir, polo menos, os galegos e galegas ao santuario de Santo Andrés de Teixido? Colorea.



## O VOCABULARIO DAS FRAGAS


Xa sabedes que unha fraga é un lugar poboado de distintas especies de árbores de folla caduca, de herbas, mofos e liques e na que convive unha gran diversidade de fauna.

En Galicia a fraga máis extensa está na provincia da Coruña, na localidade de Pontedeume, son as fragas do Eume, declaradas Parque Natural no ano 1997.

Por estas fragas transcorre o río Eume, que nace no concello lugués de Abadín e desemboca na ría de Ares, despois de percorrer máis de oitenta quilómetros.

A vexetación dunha fraga é enorme: carballos, castiñeiros, piñeiros, freixos, salgueiros, fieitos... así como a súa fauna: toupas, raposos, ratos, morcegos, coellos, vagalumes, corvos, ouriolos...

Na novela de Wenceslao Fernández Flórez «O bosque animado» aparecen moitas destas especies vexetais e animais, que imos coñecer máis polo miúdo. Anímaste?




A vexetación das fragas é moi variada: carballos, piñeiros, castiñeiros, salgueiros...



Tamén a fauna das fragas é moi abundante e variada e entre toda ela hai que salientar ao raposo.

1. Completa o nome de cada unha das partes da árbore. Colorea.

**TORO FOLLAS PÓLAS RAÍZ**



2. Animais ou vexetais? Coloca onde lle corresponda.

**TOUPA  
RATO  
CARBALLO  
VAGALUME  
SALGUEIRO  
FREIXO  
FIEITO  
MORCEGO  
CASTIÑEIRO  
CORVO**


**ANIMAIS**

C \_\_\_\_\_  
M \_\_\_\_\_  
V \_\_\_\_\_  
R \_\_\_\_\_  
T \_\_\_\_\_

**VEXETAIS**

F \_\_\_\_\_  
S \_\_\_\_\_  
C \_\_\_\_\_  
F \_\_\_\_\_  
C \_\_\_\_\_

3. Cal é o froito destas árbores? Relaciona e completa.



O froito da noqueira é a \_\_\_\_\_ .

A \_\_\_\_\_ é o froito do castiñeiro.

O piñeiro é unha árbore que ten como froito a \_\_\_\_\_ .

A \_\_\_\_\_ ten forma oval e unha caparucha. É o froito do carballo.

4. E agora completa estas frases usando o nome de catro árbores.





O \_\_\_\_\_ do souto do meu avó en Muros estaba inzado de castañas.

Collín catro piñas abertas debaixo dese \_\_\_\_\_ .

Aquel \_\_\_\_\_ só tiña oitenta e catro landras.

As noces da \_\_\_\_\_ estaban todas baleiras.

5. Completa o nome destes froitos. Colorea.



6. Localiza nesta sopa de letras o nome de oito palabras relacionadas coas plantas.

**CARBALLO**  
**SALGUEIRO**  
**PIÑEIRO**  
**FREIXO**  
**CASTIÑEIRO**  
**FIEITO**  
**PÓLAS**  
**TORO**  
**FOLLAS**

X	B	L	T	S	Z	R	X	Ñ	L
C	A	R	B	A	L	L	O	P	F
C	F	P	O	L	A	S	P	I	R
H	O	H	S	G	L	Z	F	Ñ	E
T	L	G	A	U	T	H	I	E	I
V	L	U	D	E	C	D	E	I	X
C	A	S	T	I	Ñ	E	I	R	O
E	S	T	O	R	O	A	T	O	O
A	F	B	T	O	Ñ	G	O	S	C

7. Ordena as sílabas e forma palabras relacionadas co mundo vexetal.


**llas - fo** ► \_\_\_\_\_

**ñei - pi - ro** ► \_\_\_\_\_

**llo - ba - car** ► \_\_\_\_\_

**xo - frei** ► \_\_\_\_\_

## 8. Facemos un encrucillado do mundo vexetal?




### HORIZONTALS

1. Dotado de forza física e vigor, capaz de realizar grandes esforzos. Baril.
2. Árbore de folla perenne en forma de agulla, que ten como froito a piña e como semente o piñón.
3. Árbore de folla caduca que alcanza de vinte a trinta metros de alto, toro groso con moitas pólas, follas dentadas e madeira de cor abrancazada moi doada de traballar.
4. Planta que ten follas longas e segmentadas, non ten flores e é propia de lugares húmidos e frescos.
5. Parte dunha árbore ou dun arbusto grande, que está entre a raíz e as pólas.
6. Lugar onde alguén se pode protexer dos rigores do tempo, perigos etc.
7. Cada unha das prolongacións que nacen do toro das árbores.


1. VARUDO 2. PIÑEIRO 3. FREIXO 4. FIEITO 5. TORO 6. ACUBILLO 7. PÓLAS

1. Colócalle a cada animal o nome que lle corresponde. Colorea.

**OURIOLO TOUPA VAGALUME CORVO BECERRA COUZA**



**B**




**C**



**V**



**O**




**T**



**C**

2. Relaciona cada animal co seu nome, completa e colorea.





**RATO** ●

**RAPOSA** ●


**MORCEGO** ●

**PORCO  
TEIXO** ●

**LIMACHA** ●



### 3. Facemos o encrucillado dos animais?





#### **HORIZONTAIS**

1. Larva de insecto que se alimenta de substancias vexetais, especialmente de madeira.
2. Construción de palla, barro ou outros materiais, que fan as aves para poñeren os ovos e criaren.
3. Touro castrado, que se emprega como animal de tiro.
4. Gasterópodo parecido a un caracol que se despraza arrastrándose e segrega abundante baba.
5. Pequeno mamífero de cor negra, coas patas curtas e fortes uñas, coas que escava as galerías en que vive.
6. Mamífero de pelo longo e espeso, agrisado no lombo, negro nas patas e no ventre, e que vive en tobos e ten costumes nocturnos.
7. Mamífero carnívoro salvaxe que se caracteriza por ter o fociño e as orellas afiadas e o rabo longo e peludo.

1. COUZA 2. NIÑO 3. BOI 4. LIMACHA 5. TOUPA 6. PORCO TEIXO 7. RAPOSA

4. Colorea da mesma cor a definición e o nome que lle corresponde.



5. Serás quen de ordenar as sílabas? Colorea o botafumeiro.

**so - pe** ▶ \_\_\_\_\_

**fo - pai - co** ▶ \_\_\_\_\_

**bor - bal - do** ▶ \_\_\_\_\_

**ra - lei** ▶ \_\_\_\_\_


**tos - mis** ▶ \_\_\_\_\_

**ta - bo - mei - ro - fu** ▶ \_\_\_\_\_



6. Coloca onde corresponda o nome das partes da casa de Wenceslao nas fragas de Cecebre. Colorea.

**FAIADO PORTA FIESTRA CHEMINEA GALERÍA**



7. Un pazo é un edificio grande e luxoso que serve de residencia a unha persoa importante, ou que antigamente foi residencia dunha familia nobre. Cal destes dous edificios cres que é un pazo? Arrodeao e debúxao.



**AS TORRES DO ALLO**